

BASES PARA A SELECCIÓN DUN DIRECTOR/A-XERENTE, TÉCNICO/A EN DESENVOLVEMENTO RURAL PARA A EXECUCIÓN DO PROGRAMA LEADER 2014-2020 DO GRUPO DE DESENVOLVEMENTO RURAL RIBEIRA SACRA (GDR Ribeira Sacra),

O pasado 2 de xullo de 2016 o GDR Ribeira Sacra-Courel presentou diante a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) a estratexia de desenvolvemento local, para a selección e recoñecemento do GDR Ribeira Sacra-Courel como entidade colaboradora na xestión da medida Leader de Galicia 2014-2020 segundo se convocou no correspondente proceso de selección (DOGA núm. 42, mércores, 2 de marzo de 2016).

Namentres se produce, por parte de Agader, a revisión da estratexia presentada e desexo do GDR Ribeira Sacra-Courel adiantar o proceso para a selección do persoal que estará adscrito a xestión do programa Leader Galicia 2014-2020 do GDR Ribeira Sacra-Courel, no caso de que finalmente a candidatura presentada polo GDR Ribeira Sacra-Courel resulte finalmente aprobada por Agader.

Ate que non se produza a aprobación definitiva, por parte de Agader, da estratexia presentada polo GDR Ribeira Sacra-Courel, e consecuentemente a selección do GDR Ribeira Sacra-Courel como entidade colaboradora na xestión da medida Leader Galicia 2014-2020, non se producirá a formalización dos contratos de traballo e a incorporación dos traballadores que finalmente resulten seleccionadas ao abeiro destas bases de selección.

No caso de que o GDR Ribeira Sacra-Courel non resulte finalmente seleccionado como entidade colaboradora na xestión da medida Leader Galicia 2014-2020, o proceso de selección quedará anulado, quedando eximido o GDR Ribeira Sacra-Courel de calquera tipo de reclamación por parte dos aspirantes seleccionados.

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA:

A presente convocatoria ten por obxecto fixar as bases que han de rexer para a selección de dous postos de traballo dentro do marco do programa Leader de Galicia 2014-2020 para o GDR Ribeira Sacra-Courel.

Os postos a cubrir son:

- 1 posto de Director/a- Xerente, con dedicación exclusiva
- 1 posto de Técnico/a de desenvolvemento rural

O réxime de contratación será laboral mediante a modalidade de contratación de duración determinada por obra e servizo segundo o artigo 15.1ª) do RD Lexislativo 2/2015 de 23 de outubro e o RD 2720/1998

A duración dos contratos do Director/a-Xerente e Técnico/a abrangue a totalidade do período de xestión do programa Leader Galicia 2014-2020 do GDR Ribeira Sacra-Courel, en principio, con data de remate o 31 de decembro de 2020.

A retribución salarial anual será o importe máximo que se poidan imputar a estratexia do programa Leader Galicia 2014-2020 para dita partida de gasto, e as actualizacións anuais correspondentes. Importe que se establecerá nos convenios de colaboración que, de resultar seleccionado o GDR Ribeira Sacra-Courel como entidade colaboradora, se asinara entre Agader e o GDR Ribeira Sacra-Courel.

A modo orientativo inicial, e segundo a información facilitada por Agader aos candidatos a ser seleccionado como entidade colaboradora na xestión da medida Leader de Galicia 2014-2020 durante a fase de deseño das estratexias, a retribución salarial bruta para a categoría de Xerente será de 32.000 €/ano e a do técnico de 26.000 €/ano.

2. FUNCIONES:

a) Serán funciones do Director/a-Xerente:

- Mobilización, animación e dinamización do territorio para acadar a maior participación da comunidade local e o fomento e xurdimento de proxectos que posibiliten acadar o cumprimento dos compromisos orzamentarios de cada anualidade do GDR
- Promoción e captación de proxectos.
- Maduración de ideas e proxectos para a presentación dunha solicitude de axuda leader.
- Acompañamento aos promotores de proxectos Leader durante todo o proceso de tramitación da axuda leader, tanto para a correcta presentación da documentación como a posterior execución e xustificación dos investimentos aprobados.
- Asesorar aos posibles beneficiarios das axudas da estratexia de desenvolvemento local sobre a adecuación do seu proxecto ás esixencias daquela, así como sobre a posibilidade de acceder a outro tipo de axudas á marxe das previstas nela
- Organización, coordinación e supervisión das tarefas encomendadas ao persoal técnico e administrativo adscrito ao programa.
- Garantir unha tramitación dilixente dos expedientes, dende a solicitude de axuda ate a concesión da axuda, e posteriormente de ser aceptada a axuda polo promotor, ate a xustificación dos investimentos aprobados.
- Seguimento e control financeiro do programa Leader
- Realizar un continuo seguimento do grado de execución dos obxectivos da estratexia, para advertir calquera contratempo que imposibilite o cumprimento de ditos obxectivos, e de ser o caso, poder modificar a estratexia para acadar os obxectivos establecidos.
- Dinamizar a poboación activa do territorio para a asistencia aos plans de formación que desenvolva o GDR.
- Representación do GDR segundo as delegacións que lle outorgue a Asemblea Xeral e/ou a Xunta Directiva..

- Asistencia técnica e informativa a Xunta Directiva e Asemblea Xeral do GDR.
- Executar e desenvolver coa máxima eficacia e eficiencia os acordos adoptados pola Xunta Directiva e/ou Asemblea Xeral.
- Coordinar as mesas sectoriais, no caso de que finalmente se constitúan ao estar contemplado nos estatutos do GDR
- Aplicación dos principios de obxectividade, publicidade, imparcialidade e libre concorrência na xestión do programa Leader.
- Cumprimento do plan de difusión do programa Leader do GDR Ribeira Sacra-Courel.
- Participar activamente, como máximo responsable do programa Leader, nos foros de debate sobre o desenvolvemento rural aos que se solicite a participación do GDR.
- Participar nas redes de desenvolvemento rural provinciais, autonómicas, estatais ou europeas nas que se integre o GDR Ribeira Sacra-Courel.
- Establecer unha relación fluída e permanente coa Axencia de Desenvolvemento Rural
- Elaborar un informe anual de avaliación e seguimento da posta en práctica da estratexia de desenvolvemento local

b) Serán funcións do Técnico/a:

Colaborará co xerente nas labores de mobilización, animación e dinamización do territorio, maduración de proxectos, apoio aos promotores e apoio técnico para selección de proxectos. Ademais, será o responsable de:

- Elaboración do Informe de Control de Elixibilidade de cada proxecto, para a súa posterior ratificación por parte do Director-Xerente do GDR.
- Análise e valoración de proxectos.
- Asesoramento técnico aos promotores.
- Fiscalización e supervisión da xustificación dos investimentos por parte do promotores das axudas leader concedidas.

- Colaboración coa xerencia na organización, desenvolvemento e execución dos proxectos promovidos polo GDR.
- Implicarse na difusión e publicidade do programa de desenvolvemento rural do GDR Ribeira Sacra-Courel.
- Control, seguimento e correcta xustificación do plan de formación que desenvolva o GDR.
- Utilización do programas informáticos de xestión do programa Leader e de contabilidade do GDR.
- Responsable da recepción, rexistro, copia, cotexo e arquivo de toda a documentación do programa Leader.
- Atención telefónica.
- Responsable do servizo de correspondencia do GDR.
- Comunicar diariamente a Agader os asentos do rexistro diario do GDR.
- Mantemento e actualización continúa da páxina web do GDR.
- Calquera outra tarefa da xestión do programa Leader encomendada pola Xerencia.

3. REQUISITOS DOS ASPIRANTES:

Para poder participar no proceso selectivo será necesario reunir os seguintes requisitos:

a) Xerais:

- Ser cidadán español ou cidadán da UE
- Ser maior de 18 anos
- Carnet de conducir B1 e dispoñibilidade de vehículo.
- Acreditar unha conta de correo electrónico aos efectos de comunicacións durante o proceso selectivo, única canle de comunicación entre o GDR Ribeira Sacra-Courel e os aspirantes.
- Non desenvolver cargos electos no GDR Ribeira Sacra-Courel nin en calquera outro GDR de Galicia.

- Non padecer enfermidade ou defecto físico que impidan o desempeño das correspondentes funcións
- Non estar incursos nas causas de incompatibilidade aplicables ao persoal ao servizo da administración da Comunidade Autónoma Galega.

b) Específicos:

b.1) Para o posto de Director- Xerente:

- Titulación mínima de Licenciatura ou Enxeñaría superior

b.2) Para o posto de Técnico:

- Titulación mínima de Diplomatura ou enxeñaría técnica.

Todos os requisitos anteriores débense reunir no día que finalice o prazo de presentación de solicitudes e manterse durante o proceso de selección ata o momento do nomeamento.

4. SOLICITUDES:

A solicitude consistirá nunha instancia (que figura como anexo 1) dirixida ao GDR Ribeira Sacra-Courel na que se fará constar o posto para o que se concorre, así como que se reúnen todos os requisitos esixidos na base 3 da convocatoria.

A esta solicitude deberá acompañarse un CV, un listado numerado dos méritos alegados que serán os que se acrediten para a valoración na fase de concurso, e posteriormente copia ordenada, segundo dito listado, dos títulos que acrediten os méritos alegados.

Tamén e necesario xuntar unha copia do DNI e facilitar, por escrito, unha dirección de correo electrónico aos efectos de comunicación cos aspirantes.

Debido a que o GDR Ribeira Sacra-Courel non dispón de persoal na súa sede, as solicitudes integras remitiranse, prioritariamente, a través do seguinte enderezo electrónico seleccion.ribeirasacracourel@gmail.com. Cada solicitude recibida será confirmada a súa recepción a través do mesmo enderezo electrónico.

Aquel aspirante que remita a documentación por correo ordinario (o enderezo do GDR Ribeira Sacra-Courel esta na Avda. Galicia s/n en Rubian, Boveda, CP-27350 en Lugo), necesariamente deberá remitila documentación dentro do prazo establecido, e neste caso o aspirante deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciálo ao comité de selección a través do enderezo electrónico seleccion.ribeirasacracourel@gmail.com. Sen a concorrencia de ambos requisitos no será admitida a proposición en ningún caso.

O prazo para presentar as solicitudes será de **vinte días naturais** a contar dende o seguinte a publicación do anuncio na prensa escrita.

Non serán admitidos os aspirantes que presentan a documentación fora do prazo ou que non reúnan os requisitos esixidos na base terceira.

5.- PUBLICIDADE DA CONTRATACIÓN E EXPOSICIÓN DAS BASES

O anuncio do proceso selectivo publicarase no diario El Progreso, non en páxinas locais, por ser un diario de máxima difusión na provincia de Lugo, e especialmente no territorio do Ribeira Sacra-Courel.

Comunicarase a convocatoria a tódolos concellos que forman parte do GDR Ribeira Sacra-Courel para que contribúan a súa divulgación a través dos seus taboleiros de anuncios.

Estarán colocadas no taboleiro de anuncios da sede administrativa do GDR Ribeira Sacra-Courel (avda. Galicia s/n, Rubian- Bóveda-Lugo).

Remítanse a Agader a comunicación do anuncio das bases para a súa publicación na web.

6. ADMISIÓN DE ASPIRANTES:

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes publicárase no prazo máximo de 3 días no taboleiro do GDR Ribeira Sacra a lista provisional cos aspirantes admitidos e excluídos para cada posto, así como a causa de exclusión.

A todos os aspirantes presentados, tanto os admitidos como os excluídos, remítase ditos listados a través do enderezo electrónico sinalado en cada solicitude.

Dos aspirantes admitidos incluírase a puntuación acadada cos méritos aportados.

Disporase dun prazo de cinco días naturais para a presentación de reclamacións a esta lista provisional, que serán resoltas coa publicación da lista definitiva. Lista definitiva que será novamente colgada no taboleiro de anuncios do GDR Ribeira Sacra-Courel e comunicada a todos os aspirantes a través do enderezo electrónico sinalado en cada solicitude por cada aspirante.

As comunicacións cos aspirantes será mediante publicación no taboleiro de anuncios do GDR e por correo electrónico (tanto os admitidos no proceso como os excluídos), polo cal será requisito indispensable que todos os aspirantes faciliten, por escrito, una dirección de correo electrónico.

7. COMISIÓN DE SELECCIÓN:

O comité de selección estará constituído por:

Presidente, O Presidente do GDR Ribeira Sacra-Courel ou persoa en quen delegue.

Vocais: A Vicepresidenta, Tesoureiro e Secretario do GDR Ribeira Sacra-Courel, e poderá estar un representante nomeado por Agader, con voz pero sen voto.

Secretario, actuará como secretario do proceso o Secretario do GDR Ribeira Sacra-Courel,

O comité poderá dirixirse en calquera momento aos aspirantes para que acrediten a súa identidade.

O comité é soberano para resolver as dúbidas que xurdan e para tomar os acordos necesarios para o desenvolvemento das probas en todo o non previsto nestas bases.

Para a fase da proba escrita, será suficiente que estean presentes polo menos dous membros do comité de selección para vixiar o desenvolvemento da proba.

8. SISTEMA DE SELECCIÓN:

A selección realizarase en tres fases:

-Primeira Fase: Proba escrita: terá carácter eliminatorio e consistirá nunha proba escrita que versará sobre os contidos recollidos na base 10.

Poderanse obter ata un máximo de 50 puntos, sendo a puntuación mínima a acadar de 30 puntos para pasar a fase de valoración de méritos.

-Segunda Fase: Valoración de méritos: poderase obter ata un máximo de 25 puntos, sendo necesario obter como mínimo 8 puntos para pasar a fase de entrevista.

-Terceira Fase: Entrevista: valoraranse as experiencias anteriores na xestión de programas de desenvolvemento rural, as aptitudes, actitudes e motivación para o posto. Poderase obter ata 25 puntos.

En todo caso, a fase da entrevista tan só pasaran as tres maiores puntuacións sumadas as fases primeira e segunda.

9. ACTUACIÓN DOS ASPIRANTES

Os aspirantes serán convocados cun mínimo de 24 h de antelación a cada unha das probas.

Realizarase un chamamento único.

A non presentación do aspirante no momento de ser chamado a fase primeira e terceira, de ser o caso, ou a falta de documento acreditativo da súa identidade (DNI, Pasaporte ou carnet de conducir) determinará automaticamente o cese do seu dereito a participar no mesmo, quedando excluídos do proceso selectivo.

10. PROBA ESCRITA:

Esta fase consistirá nun cuestionario tipo test e/ou un ou varios supostos prácticos relacionados co posto a desenvolver.

Valorarase a claridade expositiva, a capacidade organizativa, a calidade técnica así coma os coñecementos teóricos relacionados co posto de traballo.

Facultase ao tribunal para convocar ás persoas a defensa oral dos seus exercicios.

Durante a celebración da proba escrita os aspirantes entregaran os orixinais da documentación presentada coa solicitude de participación no proceso selectivo para o seu cotexo, segundo o mesmo orde que figuren no listado presentado coa solicitude

A continuación descríbese os contidos das probas para cada un dos perfis:

a) Para o xerente:

O territorio do GDR Ribeira Sacra: territorio, poboación, condicións sociais e estrutura produtiva.

Bases reguladoras para a selección de estratexias de desenvolvemento local, para a selección e recoñecemento dos grupos de desenvolvemento rural como entidades colaboradoras na xestión da medida Leader de Galicia e para a concesión da axuda preparatoria cofinanciada co Fondo Europeo agrícola de Desenvolvemento Local (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020 (DOGA núm 42, mércores 2 de marzo de 2016).

Guía práctica par a elaboración das candidaturas dos Grupos de Desenvolvemento Rural publicada por Agader.

Borrador do Convenio de colaboración entre Agader e os GDR (ou o definitivo de estar dispoñible na data de finalización do proceso de presentación de solicitudes de participación no proceso de selección)

b) Para o técnico:

O territorio do GDR Ribeira Sacra: territorio, poboación, condicións sociais e estrutura produtiva.

Bases reguladoras para a selección de estratexias de desenvolvemento local, para a selección e recoñecemento dos grupos de desenvolvemento rural como entidades colaboradoras na xestión da medida Leader de Galicia e para a concesión da axuda preparatoria cofinanciada co Fondo Europeo agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020 (DOGA núm 42, mércores 2 de marzo de 2016).

Borrador do Convenio de colaboración entre Agader e os GDR (ou o definitivo de estar dispoñible na data de convocatoria deste proceso selectivo)

Análise e valoración económica-financeira de proxectos.

Informática Básica. Procesadores de texto, Follas de cálculo, Bases de datos, Presentacións, Programas de contabilidade, Internet,.

11. VALORACIÓN DE MÉRITOS:

11.1- Director/a-Xerente

I. Experiencia laboral na xestión de programas de desenvolvemento rural (máximo 13 puntos).

Por cada ano traballado 1 punto (non se teñen en conta os períodos de tempo inferiores ao ano)

A experiencia laboral acreditarase cos contratos de traballo ou certificados das empresas, ou certificado de vida laboral.

II. Formación (máximo 10 puntos)

II.1- Titulación universitaria na rama económica ou empresarial. 3 Puntos.

II.2- Por formación de postgrao (postgraos, masters) relacionadas cas funcións a desempeñar ou con formación económica/financeira outorgarase 0,5 puntos. (máximo 0,5 puntos)

II.3- Idiomas: Máximo 5 puntos

- Coñecemento do galego: certificado perfeccionamento ou equivalente. 2 puntos
- Valorarase o nivel superior en Inglés mediante a certificación expedida pola correspondente Escola Oficial de Idiomas:

Certificación B1, 1 punto

Certificación B2, 3 puntos

II.5- Pola realización de cursos relacionados cas funcións a desempeñar (máximo 1,5 puntos). 0,05 puntos por cada 10 horas de formación. Nos certificados dos título deberán figurar como entidades organizadoras a Xunta de Galicia e/ou Universidades.

III. Outros (máximo 2)

- Formación impartida: outorgarase 0,08 puntos por cursos, charlas, conferencias impartidas relacionadas co desempeño do posto de traballo que foran organizadas directamente por universidades, ou a xunta de Galicia ata un máximo de un punto, acreditados cos correspondentes certificados.

- Por artigos e obras publicadas, con ISSN, ISBN ou depósito legal, máximo un punto.

- como autor, 0,05 puntos por cada artigo e/ou obra
- como co-autor, 0,03 puntos por cada artigo e/ou obra
- coordinador de publicacións, 0,02 puntos por cada artigo e/ou obra

Artigos: acreditaranse coa portada da publicación; páxina na que figure o ISSN, ISBN e depósito legal da publicación así como o nome do autor do artigo e a copia do artigo

Libros: acreditaranse coa portada do libro, e da páxina onde figuren os créditos do libro: ISSN, ISBN, depósito legal e o nome do autor

Os méritos alegados deben estar xustificados na data de final de presentación de solicitudes.

11.2- TÉCNICO/A EN DESARROLLO RURAL

I. Experiencia laboral como técnico/a na xestión de programas de desenvolvemento rural (máximo 8 puntos).

Por cada ano traballado 0,75 punto (non se teñen en conta os períodos de tempo inferiores ao ano)

A experiencia laboral acreditarase cos contratos de traballo ou certificados das empresas, ou certificado de vida laboral.

II. Formación (máximo 17 puntos)

II.1- Titulación universitaria na rama económica ou empresarial. 5 Puntos.

II.2- Idiomas: Máximo 5 puntos

- Coñecemento do galego: certificado perfeccionamento ou equivalente. 1 puntos
- Valorarase o nivel superior en Inglés mediante a certificación expedida pola correspondente Escola Oficial de Idiomas:

Certificación B1. 1 punto

Certificación B2. 3 puntos

II.5- Pola realización de cursos relacionados cas funcións a desempeñar (máximo 7 puntos). 0,05 puntos por cada 10 horas de formación. Os cursos deberán estar organizados/impartidos por universidades e/ou pola Xunta de Galicia

Os méritos alegados deben estar xustificadas na data de final de presentación de solicitudes.

12. PUNTUACIÓNS FINAIS:

Rematado o proceso farase pública no taboleiro do GDR Ribeira Sacra-Courel a puntuación obtida por cada aspirante así como os candidatos seleccionados.

O resultado do proceso tamén será comunicado a todos os aspirantes admitidos no proceso a través do enderezo electrónico

13. CONTRATACIÓN:

Por delegación expresa da Xunta Directiva do GDR Ribeira Sacra-Courel na súa xuntanza do 27 de xullo de 2016 (01/16XD), unha vez finalizado os procesos selectivos a proposta do comité de selección será definitiva e notificarase aos interesados.

A formalización dos correspondentes contratos de traballo producirase nun prazo de cinco días a contar dende a selección e recoñecemento do GDR Ribeira Sacra-Courel como entidade colaboradora na xestión da medida Leader Galicia 2014-2020 por parte de Agader.

Se finalmente o GDR Ribeira Sacra-Courel non resulta seleccionado entidade colaboradora na xestión da medida Leader Galicia 2014-2020, o proceso de selección quedará anulado quedando eximido o GDR Ribeira Sacra-Courel de calquera tipo de reclamación por parte dos aspirantes seleccionados.

A XUNTA DIRECTIVA DO GDR RIBEIRA SACRA

Anexo 1: Modelo de solicitude

D/Dna _____, con
DNI nº _____, en virtude da convocatoria para a contratación
de persoal para o programa Leader 2014-2020 por parte do GDR Ribeira Sacra-
Courel.

SOLICITA

Participar no proceso de selección do posto _____
do programa Leader 2014-2020 do GDR Ribeira Sacra-Courel

Xúntase a seguinte documentación (orixinal ou copia)

- DNI
- Currículum vitae,
- listado enumerado de dos méritos alegados, e copia ordenada segundo o listado dos documentos que acrediten os méritos alegados.
- Comunicación escrita dunha conta de correo electrónica aos efectos de comunicacións co aspirante.
- Carnet de conducir e declaración de dispoñibilidade de vehículo
- Declaración de non estar incurso nas causas de incompatibilidade aplicables ao persoal ao servizo da Comunidade Autónoma Galega
- Declaración de non desempeño de cargos electos en ningún GDR de Galicia.
- Declaración de non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desempeño das correspondentes funcións

En _____ a ____ de _____ de 2016

Asdo: _____

Sr. Presidente do GDR Ribeira Sacra-Courel

Avda Galicia s/n, Rubian (Bóveda), 27350 - Lugo